



Guía Docente				
Datos Identificativos				2014/15
Asignatura (*)	Lingüística		Código	652G04004
Titulación	Grao en Logopedia			
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	CastelánGalegoPortugués			
Prerrequisitos				
Departamento	Galego-Portugués, Francés e Lingüística			
Coordinación	Alvarez Caccamo, Celso María	Correo electrónico	celso.alvarez.caccamo@udc.es	
Profesorado	Alvarez Caccamo, Celso María Muller , Catharina	Correo electrónico	celso.alvarez.caccamo@udc.es catharina.muller@udc.es	
Web				
Descripción xeral	Introdución ao estudo da linguaxe, das linguas e da comunicación a meio delas.			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A3	Coñecer e integrar os fundamentos lingüísticos da Logopedia: Fonética e fonoloxía, morfosintaxe, semántica, pragmática, sociolingüística.
B1	Acceso, selección e xestión das fontes de información relevantes para a práctica profesional.
B2	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B4	Aprender a aprender.
B7	Capacidade de análise e síntese.
B8	Capacidade de observar e de escuchar de forma activa.
B21	Tomar decisiones con autonomía e responsabilidade.
B22	Traballar de forma autónoma con iniciativa.
B23	Traballar de forma colaborativa.
B24	Traballar en equipo e, de ser o caso, de forma interdisciplinar.

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)			Competencias da titulación
Coñecer e integrar os fundamentos lingüísticos da Logopedia: Fonética e fonoloxía, morfosintaxe, semántica, pragmática, sociolingüística.		A3	B1 B2 B4
Capacidade de análise e síntese.			B7
Traballar autonomamente.			B21 B22
Capacidade de observar e de escuchar de forma activa.			B8
Traballar de forma colaborativa e en equipa.			B23 B24

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A Lingüística e o seu obxecto.	1.1. Alcance e obxectos da Lingüística. 1.2. Disciplinas e subdisciplinas que inclue. 1.3. A aplicación da Lingüística a ámbitos sociais.



2. A linguaxe e a comunicación.	2.1. A comunicación, a información e a sua interpretación. 2.2. A orixe da linguaxe. 2.3. Características da linguaxe humana. Comunicación animal e humana. 2.4. Os canais da comunicación oral, visual e táctil. A escrita.
3. Linguaxe, mente e cerebro.	3.1. Relacións entre linguaxe e pensamento. 3.2. Localización da facultade lingüística no cerebro. 3.3. Trastornos da linguaxe. 3.4. Adquisición dunha primeira e dunha segunda lingua.
4. Os sons das linguas.	4.1 A producción do son. 4.2. Clases de sons: vogais e consoantes. 4.3. A transcripción fonética. 4.4. Fonema, fone e alofone. Os sistemas fonolóxicos. 4.5. Os elementos suprasegmentais. 4.6. A sílaba.
5. Da palabra ao discurso.	5.1. As unidades mínimas significativas: os morfemas. 5.2. Morfemas, morfes e alomorfos. Tipos de morfemas. 5.3. A palabra. Formación de palabras nas linguas. 5.4. A morfoloxía das diversas linguas. 5.5. Clases de palabras e categorías gramaticais. 5.6. A oración: simple e composta. 5.7. Os sintagmas (ou frases). 5.8. As relacións sintácticas.
6. O significado.	6.1. Definición do significado: sentido e referencia. 6.2. Fenómenos semánticos. 6.3. Proposición. Predicado e argumentos. 6.4. Significado literal e significado implícito. 6.5. A cooperación na conversa. 6.6. Actos de fala e os seus tipos. 6.7. A cortesía como estratexia verbal. 6.8. A deixis e os seus tipos.
7. A diversidade lingüística.	7.1. Introdución ás familias lingüísticas. 7.2. Lingua padrón e variedades. 7.2. Variación xeográfica: os dialectos. 7.3. Variación social: sociolectos e rexistros. 7.3. As comunidades lingüísticas. 7.4. Contacto de linguas e bilingüismo. 7.5. A planificación lingüística.
8. Aplicacións da Lingüística.	8.1. Elaboración de diccionarios e gramáticas. 8.2. O ensino das linguas. 8.3. Tradución e interpretación. 8.4. Lingüística computacional. 8.5. Lingüística clínica.

## Planificación

Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / trabalho autónomo	Horas totais
Proba obxectiva	3	30	33
Sesión maxistral	22	22	44
Lecturas	0	33	33



Obradoiro	18	18	36
Atención personalizada	4	0	4

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción
Proba obxectiva	Proba escrita final.
Sesión maxistral	Explicación dos conceitos fundamentais e clarificación das dúbihdas principais.
Lecturas	Lectura, e, no seu caso, síntese e/ou comentario, de material obrigatorio.
Obradoiro	Diversas metodoloxías e probas nas aulas (exposicións, debates, solución de problemas, prácticas guiadas, etc) e tarefas eminentemente prácticas sobre un tema específico, con supervisión do profesorado e resolución de dúbihdas específicas.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descripción
Lecturas	Farase un seguimento nas aulas interactivas das actividades realizadas.
Obradoiro	

Avaliación		
Metodoloxías	Descripción	Cualificación
Proba obxectiva	Unha proba escrita final, cuxos contidos serán o temario, as lecturas e os outros materiais utilizados nas aulas.	45
Sesión maxistral	Avaliaráse a asistencia e participación.	10
Obradoiro	Avaliarase a asistencia e participación activa, e os resultados das diversas prácticas e actividades, que serán apresentadas e/ou desenvolvidas nas aulas interactivas.	45

Observacións avaliación
-------------------------



## Observacións:

### 1. PRIMEIRA OPORTUNIDADE EN XANEIRO:

1.1. O Obradoiro inclui a realización de 2 actividades avaliábeis individuais ou en grupo (30%), e unha serie de tarefas de seguimento das leituras e outro traballo durante o curso (15%).

1.2. O alumnado repetidor que non asista ás aulas, ou que teña unha dispensa académica oficial, recibirá un 50% da súa cualificación pola realización da Proba obxectiva, e outro 50% polo apartado de Obradoiro, incluindo tanto as duas Actividades avaliábeis canto as outras tarefas do curso.

1.3. O alumnado repetidor que non poda asistir ás aulas, ou que teña dispensa, deberá comunicalo ao profesorado da materia durante a primeira semana

de clase. De non facelo así, poderá aplicárselle o mesmo reparto porcentual que ao resto do estudiantado (45% + 10% + 45%).

1.4. Para superar a materia na primeira oportunidade, é preciso ter polo menos un 4 nos apartados Proba obxectiva e Obradoiro.

1.5. Para superar a proba obxectiva (exame final), é necesario un certo equilibrio de notas entre os diversos temas e partes do programa.

Nomeadamente, deberá obterse polo menos un 3 en cada unha das partes ministradas polos dous profesores. Sen ese equilibrio de polo menos un 3 en cada parte (por exemplo, se a/o estudiante obtén un 9 e un 1), a media aritmética, se igual ou superior a 5, non poderá ser considerada, e será substituída por un 4,5 (suspenso) indicativo da necesidade de repetir a proba obxectiva inteiramente.

1.6. Para superar o apartado das duas Actividades no seu conxunto, é necesario obter polo menos un 4,5 en cada unha delas. Isto é, unhas notas de 5,5 e 4,5 darían lugar a un aprobado dese apartado, sen ter que repetir a actividade cun 4,5. En troca, con notas de 6 e 4, a/o estudiante debería en principio repetir a actividade que tivese un 4

1.7. Porén, os profesores poderá flexibilizar en sentido positivo estes requerimentos de notas mínimas con carácter xeral (aplicable a todo o alunado) para favorecer unha avaliación mais global do desempeño.

### 2. SEGUNDA OPORTUNIDADE EN XULLO:

2.1. Apícanse os mesmos criterios de notas mínimas para cada apartado.

2.2. Repetirse a Proba obxectiva (exame final) no día oficial (ver datas&nbsp;definitivas na web da Facultade ou no taboleiro oficial).

2.3. Realizaranse a/s Actividade/s suspensas (poden ser diferentes ás realizadas en xaneiro, ainda&nbsp;que co mesmo formato), e, no seu caso, as tarefas menores de seguimento do curso, a criterio dos profesores.

2.4. Para a oportunidade de xullo, manteránse as notas dos apartados superados na primeira oportunidade. No caso das diversas actividades e tarefas, os profesores indicarán se se considera superado o apartado inteiro (por exemplo, cunha actividade cun 5,5 e outra cun 4,5, en cuxo caso podería non ser preciso repetir ningunha) ou se hai que repetir algúna actividade non satisfactoria (por exemplo, unha cunha nota de 3).

### 3. CUALIFICACIÓN DE NON PRESENTADO.

Recibirán cualificación de Non Presentado (N.P.) só aquelas/es estudiantes que: (a) non se apresenten a ningunha das probas obxectivas (xaneiro e xullo) e que, ademais, (b) non entreguen ningunha das actividades avaliábeis. Isto é, a presentación dalgúnha delas nalgúnha das oportunidades implica necesariamente dar unha nota.

4. AVALIACIÓN DAS ACTIVIDADES. A copia ou plaxio de material alleo para calquer das actividades avaliábeis ou das tarefas, sen elaboración propia, acarreta automaticamente unha nota de cero (0), sem posibilidade de repetición da actividade nesa oportunidade. Durante o curso se poderán establecer procedimentos adicionais específicos a cumplir canto á entrega, presentación e avaliación das actividades.

5. AVALIACIÓN DA PROBA OBXECTIVA. A copia de respostas na proba obxectiva a partir de materiais non autorizados, a partir das respostas doutro/a estudiante, ou por medio de calquer outro procedemento ilexítimo, acarreta automaticamente unha nota de cero (0) en toda a proba, e a imposibilidade de continuar con ela nesa oportunidade.

6. As condutas irregulares e ilexítimas na realización das actividades, tarefas ou probas (plaxio, copia, falsificación, etc.), alén das consecuencias que podan ter sobre a nota na materia, poden estar suxeitas a penalización disciplinar do/a estudiante infractor/a por parte da Universidade.



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"><li>- Alonso, Juan Alberto (2000). "A orixe da linguaxe". En: Fernando Ramallo, Gabriel Rei-Doval e Xoán Paulo Rodríguez Yáñez, eds. <i>Manual de Ciencias da Linguaxe</i>, pp. 63-96. Vigo: Xerais</li><li>- Fromkin, Victoria, e Rodman, Robert (1993). "Da boca dos bébés: aquisición da língua pela criança". Em: <i>Introdução à Linguagem</i>, pp. 351-373. Coimbra: Livraria Almedina</li><li>- Casado Fresnillo, Celia, e Escandell Vidal, Mª Victoria (2011). "El lenguaje y las lenguas". En: Mª Victoria Escandell Vidal (coord.) e outros. <i>Invitación a la lingüística</i>, pp. 1-52. Madrid: Editorial Centro de Estudios Ramón Areces &amp; UNED</li><li>- Marrero Aguiar, Victoria (2011). "Fonética y Fonología". En: Mª Victoria Escandell Vidal (coord.) e otros. <i>Invitación a la lingüística</i>, pp. 87-126. Madrid: Editorial Centro de Estudios Ramón Areces &amp; UNED</li><li>- Escandell Vidal, Mª Victoria, e Marrero Aguiar, Victoria (2011). "La Lingüística y sus fundamentos". En: Escandell Vidal, Mª Victoria (coord.) e otros. <i>Invitación a la lingüística</i>, pp. 53-85. Madrid: Editorial Centro de Estudios Ramón Areces &amp; UNED</li><li>- Escandell Vidal, Mª Victoria (2005). "Un nuevo modelo de la comunicación". En: <i>La comunicación</i>, pp. 27-42. Madrid: Gredos</li><li>- Yule, George (2007). "Adquisición de la primera lengua". En: <i>El lenguaje</i>, pp. 175-191.. Madrid. Akal</li><li>- Escandell Vidal, Mª Victoria (2005). "Algunas reflexiones iniciales". En: <i>La comunicación</i>, pp. 9-25. Madrid: Gredos</li><li>- Yule, George (2007). "El desarrollo de la escritura". En: <i>El lenguaje</i>, pp. 29-37.. Madrid. Akal</li><li>- Yule, George (2007). "El lenguaje y el cerebro". En: <i>El lenguaje</i>, pp. 161-174.. Madrid. Akal</li><li>- Crystal, David (1994). "El lenguaje y otros sistemas de comunicación". En: <i>Enciclopedia del lenguaje de la Universidad de Cambridge</i>, pp. 396-403.. Madrid: Taurus</li><li>- Moreno Cabrera, Juan Carlos (2002). "El objeto de investigación I: Características del lenguaje humano". En: <i>Curso universitario de Lingüística General. Tomo I: Teoría de la gramática y sintaxis general</i>, pp. 39-47.. Madrid. Síntesis</li><li>- Crystal, David (1994). "Gramática". En: <i>Enciclopedia del lenguaje de la Universidad de Cambridge</i>, pp. 88-99.. Madrid. Taurus</li><li>- Yule, George (2007). "La variación geográfica de las lenguas". En: <i>El lenguaje</i>, pp. 238-252.. Madrid. Akal</li><li>- Yule, George (2007). "La variación social de las lenguas". En: <i>El lenguaje</i>, pp. 253- 266.. Madrid. Akal</li><li>- Tusón Valls, Jesús (2003). "Los orígenes del lenguaje". En: <i>Introducción al lenguaje</i>, pp. 15-38.. Barcelona. Ed. UOC</li><li>- González Pereira, Miguel, e Francisco Albertuz Carneiro (2000). "Morfología". En: Fernando Ramallo et alii (eds.), <i>Manual de Ciencias da Linguaxe</i>, pp. 585-627.. Vigo. Xerais</li><li>- Hurford, James R., e Brendan Heasley (1983). "Oraciones, enunciados y proposiciones / Referencia y sentido / Expresiones referenciales / Predicados". En: <i>Curso de Semántica</i>, pp. 26-62.. Madrid. Visor</li><li>- Mateus, Maria Helena Mira, e Alina Villalva (2006). "Para que serve a Lingüística?". En: <i>O Essencial sobre Lingüística</i>, pp. 79-92.. Lisboa. Caminho</li><li>- Yule, George (2007). "Pragmática". En: <i>El lenguaje</i>, pp. 132-145. Madrid. Akal</li><li>- Simone, Raffaele (1993). "Propiedades fundamentales del lenguaje / Abstracto en lingüística". En: <i>Fundamentos de Lingüística</i>, pp. 18-22.. Barcelona: Ariel</li><li>- Yule, George (2007). "Semántica". En: <i>El lenguaje</i>, pp. 118-131.. Madrid. Akal</li></ul>
---------------------	---

**Bibliografía complementaria**

- Walter, Henriette (1996). A aventura das línguas do Ocidente. Lisboa: Terramar
- Martínez Celdrán, Eugenio (1995). Bases para el estudio del lenguaje . Barcelona: Octaedro
- Cardona, Giorgio Raimondo (1991). Diccionario de lingüística. Barcelona: Ariel
- Yule, George (2007). El lenguaje. Madrid: Akal
- Martín Vide, Carlos (ed.) (1996). Elementos de Lingüística. Barcelona: Octaedro
- Crystal, David (1994). Encyclopedia del lenguaje de la Universidad de Cambridge. Madrid: Taurus
- Moreno-Torres Sánchez, Ignacio (2004). Lingüística para logopedas. Málaga: Ediciones Aljibe
- Martínez Celdrán, Eugenio, et alii (1998). Lingüística. Teoría y aplicaciones. Barcelona: Masson
- Ramallo, Fernando, et alii (2000). Manual de Ciencias da Linguaxe. Vigo: Xerais
- Comrie, Bernard, S. Matthews e M. Polinsky (eds.) (2001). O Atlas das Línguas: A Origem e a Evolución das Línguas no Mundo. Lisboa: Editorial Estampa
- Bernárdez, Enrique (2000). ¿Qué son las lenguas? . Madrid: Alianza

**Recomendacións****Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Lingüística clínica/652G04042

Sociolingüística/652G04044

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente****Materias que continúan o temario****Observacións**

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías